TRAVESIA A NADO DO PORTO DE VILAGARCÍA

DATA: DOMINGO 17 DE AGOSTO DE 2008
HORA: 11:30

ORGANIZACION:

A organización da travesía a nado o porto de Vilagarcía correrá a cargo do Club Natación Vilagarcía e da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía, estando incluida dentro do Circuito Galego de longa distancia, rexíndose polas normas da Federación Galega de Natación e polo presente regulamento particular.

Categorías:

Categoría A Nadadores federados e non federados nados nos anos 1996 e posteriores (ata 12 anos)
Distancia: **800 m**.

Categoría B Nadadores federados e non federados nados nos anos 1993, 1994 e 1995 (de 13 a 15 anos)
Distancia: **1.800 m.**

Categoría C Nadadores federados e non federados nados nos anos 1992 e anteriores
Distancia: **1.800 m**.

Enténdese por federado o deportista con licencia federativa en vigor na tempada 2007/2008 en calquera Federación Territorial dependente da Federación Española de Natación.

PERCORRIDO:

A saída dos nadadores da **categoría A, B e C**, será dende unha embarcación situada na distancia máis aproximada o percorrido sinalado ata o peirao de Vilagarcía de Arousa .

A meta estará debidamente sinalada para a mellor orientación dos nadadores.

A zona de concentración para os adestradores e delegados dos clubes participantes será o espacio reservado a tal fin no peirao ás dez e media (10:30 h.) para a presentación da documentación oficial e aclaracións ou dúbidas. Será imprescindible a presentación da licencia ou outro documento oficial no que figure a data de nacemento do nadador.

INSCRICIÓNS:

As inscricións dirixiranse á Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa, sita na Praza de Ravella s/nº, ou ben no número de fax: 986 50 11 09 ou no e – mail jmdoval@vilagarcia.es

A data límite para formalizar as inscricións será dende o **venres 1 ó xoves 14 de AGOSTO de 2008**, e excepcionalmente poderíase admitir inscricións ata unha hora antes da proba.

Os nadadores non federados menores de 18 anos, para a súa participación acompañaran unha autorización do pai/nai ou do Tutor/a.

A inscrición a Travesía a Nado do Porto de Vilagarcía supón a aceptación do presente regulamento.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA

A proba estará controlada polo Comité Galego de árbitros dependente da FEGAN, que resolverá todalas cuestións que se presente no desenvolvemento da travesía a nado do porto de Vilagarcía.

Todos os nadadores participantes antes da saída serán controlados mediante número persoal.

A organización poderá pechar a chegada a meta, transcurridos vinte minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso, os nadadores que estean no mar serán recollidos polas embarcacións da organización, Protección Civil ou a Garda Civil para trasladalos a meta.

Non poderán ser utilizados neoprenos ou similares, aletas, flotadores etc.

PREMIOS

A organización entregará trofeos os tres primeiros clasificados en cadas categoría e os primeiros nadadores locais.